

Como acto de liberdade

Francisco Salinas Portugal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SALINAS PORTUGAL, FRANCISCO (2012 [1991]). “Como acto de liberdade”.
Nordés: 15-16 (III Data), 24. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1966>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SALINAS PORTUGAL, FRANCISCO (1991). “Como acto de liberdade”. *Nordés*: 15-16 (III Data), 24.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

POÉTICA

COMO ACTO DE LIBERTADE

A poesía nace da conxunzón de dúas forzas que actúan como opostas e complementarias: o desexo e a imposibilidade. O desexo de restabelecer unha harmonía primeira, de se proxectar fora-de-si e de regresar a un dentro-de-si; desexo de atinxir a anulazón dos contrarios: da elevazón (o de fora) e da descida (o de dentro), de mostrar-se e ocultar-se de afirmar-se e negar-se.

Contodo a poesía nace tamén da imposibilidade de conseguir a harmonía, de conseguir a felicidade, de conseguir ese estadio feliz e mítico da reconciliación do Eu consigo mesmo e o mundo, imposibilidade, en definitiva, de «dizer» (o paradoxo da poesía estaría nesa posibilidade de dicir a imposibilidade dicir).

Nesta dialéctica surxe a poesía, «acontece» o texto (e na idea de acontecer está implícita a idea de revelar) como acto doloroso e feliz. Doloroso por canto nos obriga a procurar aquelas capas ocultas do subconsciente individual ou colectivo obrigando-nos a revela-las, auscultando un real que aínda que tanxibel é desolador. Mas ao mesmo tempo é experiencia feliz porque é através dese acto voluntario como atinximos, ou albiscamos, o espazo do coñecimento luminoso, acto feliz porque nos permite erixirnos en deuses que crían unha realidade que logo e simultaneamente (re)velan aos outros aínda que os outros non existan máis que como categorías mentais ou intelectuais. A poesía reabilita un pensamento / outro nunha sociedade unidireccionalmente volcada para o único «saber» canónico, o saber científico de base tecnolóxica.

Creo que é preciso desmitificar a poesía e o poeta, retomando para iso na súa pureza o seu carácter mítico. Simplesmente (e que difícil é ser simples!) o poeta e a poesía optaron por un camiño de pensamento, por unha episteme diferente daquela que a sociedade tecnocrática declarou dogmáticamente como a única válida e posíbel.

A misión da poesía é reinstaurar no mundo atribulado que vivemos desde hai moitos séculos, un equilibrio, unha harmonía, entre dúas formas de coñecimento que se presentan como antagónicas e a súa subsistencia, á marxe das correntes ideolóxicas dominantes, é a súa verdadeira razón de existir, o que lle permite existir.

Por iso a poesía continuará a existir como existe desde que o ser humano é ser humano desde as máis remotas cosmogonías míticas; porque ela actualiza para cada un de nós e para o ser humano no seu conxunto ese «poeta» non verbalizado que permanece agachado no máis profundo da nosa existencia individual ou colectiva.

E por iso, através dos seus finximentos e das súas verdades, dos seus espellos e espellismos, a poesía permanece como acto de liberdade.